

Os modelos gráficos empregados polos escribentes non profesionais do cabido da Catedral de Santiago de Compostela no século XVI

ADRIÁN ARES LEGASPI
Universidad de Sevilla

Resumo: O obxectivo deste traballo é o estudo das escrituras usuais practicadas polos membros do cabido catedralicio de Santiago de Compostela durante a primeira metade do século XVI: os modelos escriturarios empregados, a súas características e evolución no tempo, a destreza gráfica de cada escribente ou os motivos que explicarían cada casuística (a idade, a formación recibida, a posición socioeconómica...). Con este fin, analizaremos as sinaturas dos capitulares recollidas nos *Libros de distribucións* 1 (1530) e 3 (1560) a través da metodoloxía propia da paleografía, así como os testemuños escritos destas figuras que aparecen noutras fontes como por exemplo os libros de actas do cabido. Esta perspectiva de análise permitiranos examinar non só a historia social da escritura en Santiago nesa época, senón tamén observar como unha comunidade determinada respondeu aos cambios culturais e mentais promovidos polo Humanismo, manifestados, neste caso, na adopción e utilización da escritura humanística entre os capitulares.

Palabras chave: escrituras usuais, paleografía, sinaturas, *Libros de distribucións*, cabido catedralicio, Santiago de Compostela.

Códigos UNESCO: Paleografía (550508), Outras – Historia de la escritura (550699).

The script of the non-professional scribes of Santiago de Compostela's cathedral chapter in the 16th century

Abstract: The goal of this research is to study the usual scripts of the members of the cathedral chapter of Santiago de Compostela, during the first half of the 16th century: the handwriting typologies, their characteristics and evolution over time, the graphical skills of each scribe or the conditions behind each case studied (his age, his education, his socioeconomic situation and so on). With this aim, we will analyse the signatures of those members made in the *Libros de distribucións* 1 (1530) e 3 (1560) using the methodology of Paleography, as well as the writing samples left by some of them in other sources like the minutes books of the chapter sessions. This kind of analyse will allow us, on the one hand, to examine the social history of handwriting in Santiago at that time and, on the other hand, to observe how a specific community responded to the social and mental change promoted by Humanism, which were exemplified in the adoption and use of Humanistic script among the the members of the cathedral chapter.

Keywords: usual scripts, Paleography, signatures, *Libros de distribucións*, cathedral chapter, Santiago de Compostela.

INTRODUCCIÓN¹

Os modelos gráficos practicados polos non profesionais da escritura foi unha cuestión tratada pola paleografía europea sen o percorrido desexado. A literatura historiográfica atopou unha das primeiras controversias en torno á súa terminoloxía. Estes individuos teñen en común o non seren especificamente adestrados para o exercicio profesional da escritura, para o cal, se adopta o vocábulo de *escrituras usuais*². Agora ben, as acepcións que tivo este termino foron distintas. Algúns autores entenden como *usual* aquela escritura que xogaba un papel claro de «instrumento de memorización, ou de comunicación»³; para outros esta etiqueta facía referencia ás persoas que «saben escribir máis ou menos correctamente»⁴; mentres que outros investigadores consideran como *escritura usual* a «somma organica di tutte le manifestazioni grafiche individuali (e analoghe) del medesimo ambiente e della medesima epoca»⁵. Un termo diferente para definir estas escrituras

¹ Esta investigación foi posible grazas ao financiamento do V Plan Propio de Investigación da Universidade de Sevilla e ao proxecto de investigación I+D+I «Excelencia» do Ministerio de Economía e Competitividade: IECAS. Iglesia y Escritura en el Reino de Castilla: siglos XIII-XVII (HAR2013-41378-P).

² CAMINO MARTÍNEZ, Carmen del, «Aprendizaje y modelos gráficos: entre el ámbito profesional y el privado», en ROBINSON, Pamela R. (ed.), *Teaching writing, learning to write: Proceedings of the XVIth Colloquium of the Comité International de Paléographie Latine*, Londres, King's College London, 2010, p. 206. Estas escrituras usuais son definidas por Cencetti como «scritture spontanee dei singoli individui», as cales suporían a base das tendencias que resultan na evolución da escritura. CENCETTI, Giorgio, *Lineamenti di storia della scrittura latina*, Bolonia, Pàtron, 1997, pp. 53 e 54.

³ GASPARRI, Françoise, «Les écritures usuelles et leur signification historique: l'exemple de la chancellerie royale française au XII^e siècle²», en *Actas del VIII Coloquio del Comité Internacional de Paleografía Latina*, Madrid, Joyas Bibliográficas, 1990, p. 71. A investigadora amplía esta idea dicindo que: «le terme d'«écriture usuelle» implique aussi l'idée que le lecteur, le récipiendaire, s'intéresse avant tout au contenu du texte écrit, et non à sa forme extérieure». *Ibidem*, p. 71. Unha idea semellante é a que posúen Sirta e Vinh ao distinguir entre «écritures contrôlées» e «écritures personnelles»; é dicir, mentres que a primeira «est destinée à "l'autre"», elle tient compte des réactions d'autrui, elle veut paraître», a segunda «est "pour soi", ou bien, l'autre auquel elle est destinée n'est pas vraiment pris en considération». SIRAT, Colette, VINH, Tho-son, «Écritures contrôlées et écritures personnelles: un modèle d'activité graphématique basé sur l'expérience paléographique», en SIRAT, Colette, IRIGOIN, Jean, POULLE, Emmanuel (eds.), *L'écriture: le cerveau, l'oeil et la main*, Brepols, Turnhout, 1990, p. 181.

⁴ GIMENO BLAY, Francisco M., *Las llamadas ciencias auxiliares de la historia: ¿errónea interpretación?* Zaragoza, Institución «Fernando El Catolico», 1986, p. 123.

⁵ PETRUCCI, Armando «Funzione della scrittura e terminologia paleografica», en *Palaeographica, Diplomatica et Archivistica: studi in onore di Giulio Batteli*, Roma,

que aumentan a medida que se difunde o uso social da escritura —sobre todo dende finais da Idade Media en Europa—, foi o acuñado por Casamassima: *scrittura dell'uso, comune, corrente*⁶.

Esta liña de investigación foi impulsada recentemente dende as escolas paleográficas de diversas áreas europeas⁷. Se ben é certo, dende finais da década de 1970 coa extensión da metodoloxía e a ampliación dos obxectos de estudo desta disciplina⁸, xa xurdiran os primeiros traballos sobre escrituras usuais, sobre todo na figura de Armando Petrucci⁹. No ámbito peninsular, esta tendencia científica centrada na historia social da escritura¹⁰ tamén tivo a súa tradución en investigacións que abordaron o tema, dunha banda, examinando a unha sociedade no seu conxunto¹¹, e, doutra, analizando grupos socioprofesionais máis concretos: enfermeiros¹², boticarios¹³...

No caso que aquí nos ocupa, propoñemos o estudo dos membros do cabido capitular da igrexa de Santiago de Compostela dende a óptica

Scuola Speciale per Archivist e Bibliotecari dell'Università di Roma, 1979, p. 21.

⁶ CASAMASSIMA, Emanuele, *Tradizione corsiva e tradizione libraria nella scrittura latina del Medioevo*, Roma, Gela, 1988, p. 12.

⁷ PETRUCCI, Armando, «Escrituras marginales y escribientes subalternos», *Signo. Revista de Historia de la Cultura Escrita*, 7, 2000, pp. 67-75; SMITH, Marc H, «Autour des lettres des La Trémoille: quelques aspects de la culture écrite de la Renaissance», en CONTAMINE, Philippe, VISSIÈRE, Laurent, *Défendre ses droits, construire sa mémoire: les chartriers seigneuriaux, XIIIe-XXIe siècle*, París, Société de l'histoire de France, 2010, pp. 223-246.

⁸ *Alfabetismo e cultura scritta nella storia della società italiana. Atti del seminario tenutosi a Perugia il 29-30 marzo 1977*, Perugia, Università degli Studi di Perugia, 1978; BARTOLI LANGELI, Attilio, «Ancora su paleografia e storia della scrittura: a proposito di un convegno perugino», *Scrittura e civiltà*, 2, 1978, pp. 275-294.

⁹ PETRUCCI, Armando, «Scrittura, alfabetismo ed educazione grafica nella Roma del primo Cinquecento: da un libretto di conti di Maddalena Pizzicarola in Trastevere», *Scrittura e civiltà*, 2, 1978, pp. 163-207.

¹⁰ Para unha achega á historiografía española sobre paleografía, *vid.* CASTILLO GÓMEZ, Antonio, SÁEZ SÁNCHEZ, Carlos, «Paleografía versus alfabetización. Reflexiones sobre historia social de la cultura escrita», *Signo*, 1, 1994, pp. 133-168.

¹¹ CAMINO MARTÍNEZ, Carmen del, «Status socio-profesional y escritura en Ceuta (1580-1640)», *Estudis Castellonencs*, 6, 1994-1995, pp. 443-450.

¹² GARCÍA MARTÍNEZ, Antonio María Claret, «Escritura y lectura en los enfermeros españoles (ss. XV-XVIII): un proyecto de investigación», *Híades: Revista de historia de la enfermería*, 9, 2004, pp. 645-653; IDEM, «Cultura escrita y grupos profesionales: la escritura y la lectura entre los enfermeros españoles de los siglos XVI y XVII», *Historia. Instituciones. Documentos*, 31, 2004, pp. 249-268.

¹³ MANDINGORRA LLAVATA, María Luz, «Aproximación a la cultura gráfica de los boticarios a finales de la Edad Media», *Saitibi*, 36, 1986, pp. 57-70.

da paleografía; é dicir, os modelos empregados polos individuos que conformaron o organigrama administrativo e gobernamental da catedral, xunto coa destreza técnica que posuía cada un deles. A escolla deste grupo ven motivada pola intención de acadar unha visión de conxunto o máis integradora posible, polo que, seguindo as verbas de Petrucci, é necesario estudar «un ambiente identificable con facilidade y homogéneo»¹⁴. Este achegamento a todos os membros do cabido é posible, ademais, grazas á existencia de fontes susceptibles de conter testemuños escritos da súa actividade; é dicir, as sinaturas e —en moi contadas ocasións— algúns textos autógrafos de maior envergadura e complexidade. Como logo veremos, a documentación económica producida no seo da catedral é un perfecto expoñente desta riqueza gráfica, e máis concretamente, os libros de distribucións do século XVI, cuxa serie comeza na primeira metade, polo que a análise dos libros 1 (1530) e 3 (1560)¹⁵ permitiranos obter unha visión diacrónica desas escrituras.

Estas fontes conteñen un elevado número de sinaturas, non só de cardeais, cóngos, racioneiros..., senón tamén de persoas que cobraban das arcas da catedral por un servizo prestado: médicos, letrados, porteiros, etc. A consignación da firma como mecanismo de atestación do cobramento permite ao paleógrafo contemplar que tipos de escritura se empregaban ao longo da sociedade, cal era a súa difusión a través dos grupos socioprofesionais dunha comunidade ou ben cal era o dominio da pluma por parte de cada un dos asinantes. Neste senso, a través dun exame cualitativo e paleográfico das firmas (entendéndooas «como un indicio de probabilidade, que puede ser útil siempre que no se le exija precisión matemática»¹⁶), individualizaremos cada man, observando que modelo gráfico usa e baixo que circunstancias e estudaremos a relación existente entre a tradición gótica e a humanística e os posibles factores que explican tanto a aparición dun modelo ou doutro como os distintos niveis de destreza técnica¹⁷. Por último, estas conclusións

¹⁴ PETRUCCI, A., «Escrituras marginales y [...]», op. cit., p. 72.

¹⁵ Arquivo da Catedral de Santiago, IG776 e IG778, respectivamente. A partir de agora ACS.

¹⁶ CAMINO MARTÍNEZ, Carmen del, «Alfabetismo y cultura escrita en las fuentes notariales», en OSTOS SALCEDO, Pilar, PARDO RODRÍGUEZ, María Luisa, *En torno a la documentación notarial y a la historia*, Sevilla, Ilustre Colegio Notarial de Sevilla, 1998, p. 100.

¹⁷ Estas son algunhas das principais premisas que a paleografía establece para o estudo da alfabetización dende a perspectiva cualitativa. *Vid.* PETRUCCI, Armando, «Prospettive di ricerca e problemi di metodo per una storia qualitativa dell'alfabetismo», en PELIZZARI,

supoñen, ademais, un complemento idóneo para os resultados obtidos polas investigacións cuantitativas realizadas dende a historia da alfabetización¹⁸. Traballos que no caso compostelán afondaron nesta cuestión de maneira sobresaínte como os de Gelabert González¹⁹, Rey Castelao²⁰ ou Sanz González²¹.

AS FONTES

Co fin de conseguir unha ampla e ben seriada mostra dos membros que conformaban o cabido compostelán no século XVI, seleccionamos unha fonte que nos permitira observar o maior número posible destes escribentes: os denominados libros de distribucións ou de «Dispensa»²². Estes libros de carácter económico —ao igual que acontece noutras áreas peninsulares con produtos escritos da mesma natureza— son unha gran fonte para o estudo da alfabetización e a utilización da escritura entre os non profesionais da

Maria Rosaria (coord.), *Sulle vie della scrittura: alfabetizzazione, cultura scritta istituzioni in età moderna*, Nápoles, Edizioni Scientifiche Italiane, 1989, p. 33.

¹⁸ No caso galego, algúns investigadores xa sinalaron o valor das firmas como elemento de estudo cualitativo para a historia do uso social da escritura. *Vid.* VÁZQUEZ BERTOMEU, Mercedes (2004). Escritura y sociedad en la Galicia moderna: reflexiones a propósito del archivo de la casa de Mirapeixe. *Estudios Mindonienses*, 20, pp. 893-915.

¹⁹ Gelabert González, Juan Eloy, «Niveaux d'alphabétisation en Galice (1635–1900)», en *De l'alphabétisation aux circuits du livre en Espagne. XVIe-XIXe siècles*, París, Éditions du CNRS, 1987, pp. 45-71; IDEM, «Lectura y escritura en una ciudad del siglo XVI: Santiago de Compostela», *En la España medieval*, 6, 1985, pp. 161-182; IDEM, «Lectura y escritura en una ciudad provinciana del siglo XVI: Santiago de Compostela», *Bulletin Hispanique*, 84, 1982.


²⁰ REY CASTELAO, Ofelia, *Libros y lectura en Galicia. Siglos XVI-XIX*. Santiago de Compostela, Xunta de Galicia, 2003; IDEM, «Niveles de alfabetización en la Galicia de fines del Antiguo Régimen», *Bulletin Hispanique*, 1998, 100, pp. 271-311.

²¹ SANZ GONZÁLEZ, Margarita, «Alfabetización y escolarización en Galicia a fines del Antiguo Régimen», *Obradoiro de historia moderna*, 1, 1991, pp. 229-249.

²² VÁZQUEZ BERTOMEU, Mercedes, «La función documental de la Iglesia Compostelana en tiempos de los Fonseca», en GARCÍA QUINTELA, Marco V. (ed.), *Las religiones en la historia de Galicia*, Santiago de Compostela, Universidade de Santiago de Compostela, 1996, p. 372. A nomenclatura dos libros débese ao seu responsable, o «dispensator (a cursiva é do autor) o despensero», cuxa función principal —entre un gran número de tarefas máis— era «administrar los dineros debidos a la mesa capitular, es decir, encargarse de su cobro y satisfacer los disntintos gastos que la congregación tuviese». PÉREZ RODRÍGUEZ, Francisco Javier, *La Iglesia de Santiago de Compostela en la Edad Media: el cabildo catedralicio (1110-1400)*, Santiago de Compostela, Xunta de Galicia, 1996, p. 135.

mesma²³. A confección destes libros —mais en ningún caso a elaboración material— era responsabilidade do mordomo do cabido ou despenseiro²⁴, quen autorizaba o pago ás dignidades catedralicias das súas prebendas e dereitos económicos, así como os «pagos ordinarios a los empleados capitulares, los gastos corrientes»²⁵, rematando ademais cada asento coa sinatura desta figura como «testimonio de una gestión»²⁶. Nestes volumes tamén se recollían os cobros recibidos por parte da mesa capitular, sobre todo, os resultantes do sistema de tenzas da catedral²⁷.

Deixando a un lado a información concernente á facenda capitular ou ao réxime de xestión administrativa e fiscal da igrexa, das cales dan cumprida conta estes libros, o que máis destaca nestas



ACS, IG778, sen foliar.

²³ Mandingorra Llavata demostrou o proveito que se pode tirar da análise de libros de albarás para o estudo da alfabetización dunha comunidade concreta. *Vid.* MANDINGORRA LLAVATA, María Luz, «Alfabetismo y educación gráfica en la Valencia del Quinientos. El libro de albaranes del convento del Carmen (1517-1538)», *Estudis Castellonenss*, 6, 1994-1995, pp. 785-798.

²⁴ En 1530 foron mordomos os cóengos Jorge Vázquez da Costa e Lope Raposo e en 1560 o cardeal Juan Martínez Terner. O caso de 1530 é máis complexo, posto que Jorge Vázquez fora nomeado para este cargo o 3 de agosto dese mesmo ano (ACS, Actas capitulares, Libro 8, f. 347v); mais, na sesión de 7 de novembro, escóllese a Lope de Raposo para ocupar a mordomía debido á ausencia do titular —sen especificar dende cando non está presente (ACS, Actas capitulares, Libro 8, f. 389v). Finalmente, na reunión do cabido de 7 de decembro, asígnase a estas dúas figuras a seguinte tarefa: «en este cabildo los dichos señores mandaron a los señores Jorje Vázquez e Lope Raposo que hagan libro de la mayordomía e las otras quantas de la dicha santa yglesia» (ACS, Actas capitulares, Libro 9, 10r).

²⁵ VÁZQUEZ BERTOMEU, M., «La función documental [...]», *op. cit.*, p. 372.

²⁶ *Ibidem*, p. 368. Agora ben, como veremos de seguido, era habitual que a cobranza ou pago do total da contía (dependendo do balance final do exercicio) se retrasase no tempo, polo que, en 1530 por exemplo, gran parte das contas sáldanse ao longo do ano de 1532, momento no que xa que non firman os asentos nin Lope Raposo nin Jorge Vázquez da Costa, senón Pedro Gil Falcón.

²⁷ *Ibidem*, p. 368.

fontes para o noso estudo é a aparición da firma de todos aqueles que cobran unha cantidade económica da mesa capitular. Dende cardeais e cóengos ate racioneiros e mozos de coro, todos os membros do cabido —aos que se suman individuos que prestan servizos puntuais— asinan da súa propia man para dar fe da percepción da contía debida. Un pagamento que en ocasións retrásase ate 4 anos, polo que non son estraños os asentos firmados en 1534 e 1564 que poñen fin aos exercicios correspondentes aos anos de 1530 e 1560; posiblemente debido ás dificultades económicas que a catedral tivo que afrontar nalgún período²⁸. Isto xera un problema dende o punto de vista metodolóxico, pois ás veces o capitular xa falecera no momento no que se liquida a débeda, polo que é un herdeiro seu quen recibe os cartos e quen firma no libro²⁹. Incidencias que, se ben é certo, non cremos que quebranten os resultados destas análises, pois a mostra gráfica apenas se ve afectada no seu conxunto.

OS MODELOS GRÁFICOS

Cando se aborda o estudo gráfico dos compoñentes dunha comunidade humana —e máis aínda cando se fai dende unha perspectiva diacrónica—, hai que ter en conta dende o inicio cal será o criterio de clasificación das mans, e polo tanto, da información. Nun contexto de *multigrafismo relativo*³⁰ como foi o da catedral compostelá no século XVI, consideramos que o máis aconsellable é observar primeiro cales foron os modelos gráficos empregados, para, seguidamente, avanzar sobre o dominio da pluma por parte do escribente e, finalmente, poñer estes datos paleográficos en relación

²⁸ Vid. PÉREZ RODRÍGUEZ, F. J., *La Iglesia de [...]*, op. cit., p. 128. Pola contra, non foron poucas as veces nas que era o membro capitular quen contraía unha débeda coa igrexa, tendo que devolver nalgún caso ate centos de miles de marabedís. Cantidades tan altas que é lóxico que o saldo da débeda se demorase no tempo durante anos.

²⁹ Nos 5 casos nos que cobrador e signatario non coinciden en 1530 so un ten que ver co falecemento do primeiro, mentres que para o resto non se especifica cal foi o motivo desta delegación de escritura; ao que hai que engadir 4 asentos nos que non aparece a sinatura do cobrador nin hai referencia a se descoñece ou non a escritura. Pola contra, en 1560, hai 15 asentos que non van firmados, pero nos que si se anunciaba dita intervención; máis outros 15 nos que ambas figuras de novo non coinciden, dos cales 11 son debidos ao falecemento do cobrador, especificando que quen asina é un herdeiro. Ademais, hai que ter en conta outros 4 casos nos que o signatario faino en nome dalgún mozo de coro, circunstancia que podería deberse á minoría de idade do primeiro, e cuxa delegación podía ser encargada a figuras próximas como irmáns.

³⁰ Vid. PETRUCCI, Armando, «Digrafismo e bilettrismo nella storia del libro», *Syntagma*, 1, 2005, p. 54

cos sociolóxicos como, por exemplo, o cargo que o capitular ocupa na estrutura organizativa³¹. O feito de non comezar dividindo o cabido segundo a función dos seus membros pretende evitar unha visión da realidade gráfica determinada pola posición profesional e administrativa do individuo, xa que, os tipos de escritura e a habilidade do escribente, aínda que con certas tendencias, son uns elementos transversais ao organigrama capitular³². Parécenos, polo tanto, máis importante a distinción inicial a través dos modelos gráficos, xa que estes poden indicar tendencias culturais da sociedade, vías de educación, gustos artísticos ou incluso o anuncio dunha transformación na mentalidade dunha comunidade³³.

Prescindindo dos casos nos que o cobrador e asinante non coinciden (posto que en ocasións este último non figuraba entre os individuos compoñentes do exercicio económico de 1530), podemos observar que entre os asentos deste primeiro libro, máis da metade das mans empregan a gótica cursiva cunha repartición numérica bastante equilibrada dos niveis de competencia gráfica. Porén, non son poucas as mans que advirten unha transformación na morfoloxía das letras, adquirindo a súa escritura elementos propios da tradición humanística, xa fora cun maior peso desta última ou ben da gótica. Finalmente, só 10 mans practican a humanística máis ‘pura’, atopando entre eles cardeais, cóengos ou un organista.

Como vemos, a tradición gráfica da Idade Media está aínda moi presente entre as escrituras usuais da catedral na década de 1530; mentres que noutros territorios da coroa castelá, a introdución da humanística xa se deixaba notar entre o sector eclesiástico no decenio de 1480³⁴. Unha subsistencia

³¹ Deste xeito abrangueremos os campos de estudo que Bartoli Langeli considera indispensable á hora de analizar ámbitos de multigrafismo a través da paleografía. *Vid.* BARTOLI LANGELI, Attilio, «Historia del alfabetismo y método cuantitativo», *Signo*, 3, 1996, p. 102.

³² Esta distribución ao longo da sociedade xa foi posta de relevo por Petrucci cando afirmaba que «la condición social de los semialfabetizados o de los “semicultos” (...), identificados solamente por medio del nivel gráfico o lingüístico de sus productos escritos, no se corresponde necesariamente con los pertenecientes a las clases subalternas ni con aquellos que viven al margen de la sociedad y de sus formas culturales». PETRUCCI, A., «Escrituras marginales y [...]», *op. cit.*, p. 69.

³³ *Vid.* MARICHAL, Robert, «La escritura latina y la civilización occidental del siglo I al siglo XVI», en COHEN, Marcel, FARE GARNOT, Jean Sainte, *La escritura y la psicología de los pueblos*, México, Siglo Veintiuno, 1971, p. 236.

³⁴ GARCÍA DÍAZ, Isabel, *La escritura en Cartagena en el siglo XV*, Cartagena, Ayuntamiento de Cartagena, 1991, p. 61. Camino Martínez tamén data a introdución da humanística na catedral de Sevilla nos últimos decenios do século XV. *Vid.* Camino

de tendencias máis conservadoras que se podería deber á idade media de acceso a unha prebenda: 32/33 anos segundo estima Iglesias Ortega³⁵. Isto implicaba que, no mellor dos casos, os asinantes en 1530 aprenderían a escribir non moito máis tarde do cambio de século (antes aínda se a entrada se producira por riba deses 32/33 anos), nun período no que o sistema gráfico gótico seguía a estar vixente³⁶. Aínda así, os exemplos de humanística entre o grupo clerical da catedral son sintomáticos, por un lado, da formación elevada dalgúns dos seus membros —como veremos de seguido— e, por outro, da utilización do latín, pois ás veces esta nova escritura aparece en firmas realizadas nesta lingua³⁷. A estes condicionantes

Martínez, Carmen del, «El notariado apostólico en la Corona de Castilla: entre el regionalismo y la internacionalización gráfica», en Kresten, Otto, Lackner, Franz (eds.), *Régionalisme et Internationalisme: problèmes de paléographie et de codicologie au Moyen Âge*, Viena, Österreichische Akademie der Wissenschaften, 2008, pp. 317-330. No caso compostelán, as sinaturas que se recollen nalgúns libros de actas do século XV, sobre todo na última década, tamén mostran a aparición dalgúns elementos da humanística entre as mans dalgún coéngo, mais a porcentaxe destas innovacións gráficas é moi escasa. *Vid.* ACS, *Actas capitulares*, Libro 2.

³⁵ IGLESIAS ORTEGA, Arturo, «Sociología capitular: el ejemplo del cabildo de la catedral de Santiago de Compostela en el siglo XVI», *Obradoiro de Historia Moderna*, 20, 2011, p. 395. Neste senso, di este autor que a idade das dignidades era aínda superior á de cóengos ou racioneiros (*Ibidem*, p. 395), polo que non é de estrañar que figuras como o maestrescola ou o chantre practiquen escrituras góticas.

³⁶ A introdución da humanística entre as escrituras usuais é un tema que aínda ha de ser tratado en profundidade. No caso das escrituras documentais dos profesionais, Ruiz Albi demostrou que «hasta la década de los 30 su predominio (das góticas) es absoluto y que será a partir de entonces cuando inicie un declive pronunciado y constante a lo largo de todo el siglo XVI. Con relación a la humanística, podemos decir que su evolución es lógicamente la inversa a la gótica». RUIZ ALBI, Irene, «La escritura humanística documental durante el siglo XVI. El panorama castellano a través de la documentación de Cámara de Castilla (Archivo de Simancas)», en CASADO QUINTANILLA, Blas, LÓPEZ VILLALBA, José Miguel (coords.), *Paleografía III: la escritura gótica (desde la imprenta hasta nuestros días) y la escritura humanística*, Madrid, Universidad Nacional de Educación a Distancia, 2011, p. 70.

³⁷ A relación entre humanística e latín xa foi anunciada para o caso compostelán, e máis concretamente no campo das escrituras notariais, por parte de Alonso Pequeno e Vázquez Bertomeu. *Vid.* Alonso Pequeno, Mercedes, Vázquez Bertomeu, Mercedes, «Lingua e escritura na Compostela do século XVI», *Cuadernos de estudios gallegos*, 48, 2001, p. 126. Alén do Reino de Galicia, este vínculo entre modelos gráficos e lingua tamén foi analizado por outros investigadores: CAMINO MARTÍNEZ, Carmen del, CONGOSTO MARTÍN, Yolanda, «Lengua y escritura en la Sevilla de fines del XV: confluencia de normas y modelos», *Historia. Instituciones. Documentos*, 28, 2001, pp. 11-30.

hai que engadir como vías de adquisición da humanística as viaxes de parte da curia diocesana que acompañaba aos arcebispos a Roma³⁸, onde os modelos humanísticos xa estaban vixentes³⁹.

No relativo á capacidade técnica dos escribentes, son un gran número de cóngos, a meirande parte dos cardeais, algúns capeláns e figuras concretas como o chantre, o mordomo ou o maestrescola os que mostran mellor desenvolvemento coa pluma. Esta elevada destreza, e ás veces media, pode deberse a diversos motivos, entre os que destacaríase a formación universitaria que, aínda que deficiente e minoritaria⁴⁰, si se pode rastrear entre algúns capitulares. O cóngo Gómez García, por exemplo, era licenciado como ben recolle na súa firma, realizada ademais en latín. Doutra banda, temos noticias a través das actas capitulares de que cóngos recibían licenzas do cabido para poder estudar en Salamanca⁴¹. Unha formación superior que á súa vez tamén está relacionada con outros tres fenómenos identificados por Iglesias Ortega para o cabido compostelán: a) a procedencia dun gran número de clérigos dos territorios onde «se situaban las tres principales universidades, Salamanca y Valladolid, en primer lugar (Castilla la Vieja: 15,65%; León: 10,37%), y Alcalá, en segundo lugar (Castilla la Nueva: 4,67%)»⁴²; b)

³⁸ Vid. REY CASTELAO, Ofelia, «A cultura e as súas expresións nunha cidade clerical e universitaria», en PORTELA SILVA, Ermelindo (coord.), *Historia da cidade de Santiago de Compostela*, Santiago de Compostela, Concello de Santiago, Consorcio de Santiago, Universidade de Santiago de Compostela, 2003, p. 361. Estas viaxes eran unha práctica habitual na Idade Media, pois os arcebispos debían de ser consagrados polo papa, o cal deu orixe aos desprazamentos á curia pontificia xa dende o goberno de Xelmírez. Vid. GONZÁLEZ VÁZQUEZ, Marta, «Los viajes de los arzobispos compostelanos (siglos XII-XV)», en HERNANDO, José Luis, HUERTA HUERTA, Pedro Luis (coords.), *Viajes y viajeros en la España medieval*, Palencia, Centro de Estudios del Románico, 1997, p. 349. Algúns exemplos destas viaxes a Roma na Idade Media por parte dos cóngos, en: PÉREZ RODRÍGUEZ, Francisco Javier, «Viajes y desplazamientos de los canónigos de Santiago en la Edad Media (siglos XII-XIV)», en HERNANDO, José Luis, HUERTA HUERTA, Pedro Luis (coords.), *Viajes y viajeros en la España medieval*, Palencia, Centro de Estudios del Románico, 1997, pp. 339 e 340.

³⁹ Vid. FRENZ, Thomas, *L'introduzione della scrittura umanistica nei documenti e negli atti della curia pontificia del secolo XV*, Città del Vaticano, Scuola Vaticana di Paleografia, Diplomatica e Archivistica, 2005.

⁴⁰ IGLESIAS ORTEGA, A., «Sociología capitular: el [...]», op. cit., p. 397.

⁴¹ Este foi o caso da autorización dada na sesión do 24 de maio de 1510 ao cóngo Gaspar de Anaya. ACS, Actas capitulares, Libro 4, f. 222r.

⁴² IGLESIAS ORTEGA, Arturo, «Un cabildo catedral castellanizado: la procedencia geográfica de los capitulares compostelanos al comienzo del período moderno», *Investigaciones Históricas*, 32, 2012, p. 21.

o desempeño por parte dalgún capitular de cargos na administración do Estado moderno, o cal requiría duns estudos elevados⁴³; e, c) os ingresos que supoñía o cabido compostelán eran un factor de atracción para as «élites castelanas (nobleza y oligarquías municipales)»⁴⁴, é dicir, os grupos sociais que podían custear un formación universitaria⁴⁵.

No polo oposto a casuística medra e se amplía a outros cargos capitulares. Aínda que algúns cóngos, cardeais e racioneiros seguen presentes entre os niveis inferiores de habilidade escrituraria, aparecen agora outras figuras como dobreiros, capeláns e mestres de capelanía, o sochantre ou individuos que non pertencen directamente ao cabido como un organista. Se algo caracteriza a estas mans (que en moitos dos casos poden ser definidas como unha *escritura elemental de base*⁴⁶) é o baixo dominio da pluma, o cal queda de manifesto no escaso coñecemento do sistema braquigráfico, o trazado imperfecto das formas ou a realización dunha composición gráfica inestable en canto á aliñación ou ao equilibrio no tamaño das letras. Trátase, polo tanto, duns individuos que, ou ben non tiña os medios económicos para sufragar unha formación superior, ou, moi posiblemente, mostrarían indiferenza ante a adquisición dunha cultura escrita de certo nivel. Feito que, por outra banda, pode correr en paralelo ao desinterese que Rey Castelao constata entre o clero medio e baixo por posuír unha «biblioteca mínima»⁴⁷.

En canto ao panorama gráfico que mostra o *libro de distribucións* de 1560, o multigrafismo relativo seguía a ser a principal característica das escrituras

⁴³ IGLESIAS ORTEGA, Arturo, «El curriculum vitae de los capitulares en el siglo XVI: el ejemplo del cabildo catedral de Santiago», *Historia y Genealogía*, 2, 2012, p. 161.

⁴⁴ IGLESIAS ORTEGA, A., «Un cabildo catedral [...]», op. cit., p. 32. Para máis información sobre as porcentaxes que comportaron os capitulares procedentes dos grupos altos da sociedade, *vid.* IGLESIAS ORTEGA, A., «Sociología capitular: el [...]», op. cit., p. 401.

⁴⁵ Dende o punto de vista da escritura, Camino Martínez demostrou para o cabido da catedral de Sevilla que a «mayor grado en la jerarquía capitular, mejor posición socio-económica y mayor nivel de instrucción». CAMINOMARTÍNEZ, Carmen del, «Escribanos al servicio del gobierno y la administración de la catedral de Sevilla (siglo XV)», en *Le statut du scribeur au Moyen Age*, París, École nationale des chartes, 2000, p. 182.

⁴⁶ Estas escrituras eran, segundo Petrucci, «incerte, ma anche povere, prive, cioè, o sacarsamente fornite di elementi sussidiari, quali punteggiatura, segni critici, abbreviazioni, simboli tecnici (...); inoltre che l'uso di legamenti vi è poco frequente e occasionale». PETRUCCI, A., «Scrittura, alfabetismo ed [...]», op. cit., p. 172.

⁴⁷ REY CASTELAO, Ofelia, «El clero urbano compostelano a fines del siglo XVII: mentalidades y hábitos culturales», en EIRAS ROEL, Antonio *et al.* (eds.), *La historia social de Galicia en sus fuentes de protocolos*, Santiago de Compostela, Universidade de Santiago de Compostela, 1981, p. 509.

usuais. Non obstante, o peso que adquire agora o sistema humanístico é moito maior que o que posuía en 1530, xa fora no modelo da bastarda, coa súa marcada inclinación e ondulación da parte final de alzados e caídos, ou ben da redonda o *redondilla*, co seu gusto polas formas máis sentadas e ás veces con algunha reminiscencia gótica⁴⁸. A humanística esténdese a gran parte dos capitulares, aparecendo en mans tanto da alta xerarquía como de capeláns, racioneiros e nalgún mozo de coro; restando a gótica, principalmente, entre algún capelán e cóengo o cal, como logo veremos, podería deberse á súa avanzada idade.

No concerninte ao dominio da pluma, outra das grandes diferenzas respecto do acontecido en 1530 é o predominio dos escribentes que presentan uns niveis de destreza alta e media. Poucos capitulares fan gala do seu título como os cóengos Cisneros, doutor, e Xerónimo de Baltanas, bacharel, ou o capelán Pedro Pallares, bacharel tamén. Sen embargo, non parece que as medidas tridentinas tiveran un efecto inmediato no currículo dos membros do cabido compostelán⁴⁹, polo que tal vez haxa que procurar os motivos desta desenvoltura gráfica nun posible avance cualitativo da ensinanza das primeiras letras en Santiago de Compostela nesta época ou ben na familiarización dos capitulares coa escritura debido ao seu frecuente uso na catedral⁵⁰. Noutros casos, ao igual que acontece en cabidos como o

⁴⁸ A partir de 1550, a humanística nos documentos estudados por Ruiz Albi sofre un aumento exponencial, superando en número aos exemplares en gótica. *Vid.* RUIZ ALBI, I., «La escritura humanística [...]», op. cit., p. 70.

⁴⁹ *Vid.* IGLESIAS ORTEGA, A., «Sociología capitular: el [...]», op. cit., p. 397. O autor afirma, ademais, que logo de Trento, dos capitulares de Santiago «sólo un 12,71% alcanzaron el grado de doctor». *Ibidem*, p. 397.

⁵⁰ Abonda con sinalar, por exemplo, que os encargados do arquivo capitular tanto en 1530 como 1560 mostran un dominio consolidado da escritura. No primeiro caso, esta responsabilidade recaera sobre o cardeal Pedro Gil Falcón e o cóengo Diego de Sanjurjo (ACS, Actas capitulares, Libro 8, f. 347v); mentres que en 1560 esta tarefa pertencía aos cóengos Diego Feixóo e Cristóbal Velázquez (ACS, Actas capitulares, Libro 16, f. 76r). En 1530, o maestrescola Diego de Castilla tamén mostra un dominio elevado da escritura, nada raro se temos en conta o seu labor dentro do escritorio capitular, sobre todo como custodio dos selos do cabido (*Vid.* PÉREZ RODRÍGUEZ, F. J., *La Iglesia de [...]*, op. cit., p. 70 e VÁZQUEZ BERTOMEU, Mercedes, «El escritorio capitular compostelano (1460-1481)», *Historia. Instituciones. Documentos*, 24, 1997, p. 498), e, polo tanto, moi próximo ao mundo da cultura escrita. Porén, estes exemplos deben de ser tomados como casuísticas concretas, pois proximidade á cultura escrita e destreza gráfica non tiñan porque supoñer unha relación de causa-efecto, xa que, seguindo co exemplo do maestrescola, este cargo significaba «el extremo superior de las atribuciones relacionadas con la escritura, pero el más alejado de su ejecución material». CAMINO MARTÍNEZ, C. del, «Escribanos al servicio [...]», op. cit., p. 183.

hispalense⁵¹, algúns dos capitulares eran tamén profesionais da escritura. En 1560, Haníbal Rodríguez e Francisco del Rego eran notarios á vez que cóengo e racioneiro, respectivamente⁵². Pola súa banda, o capelán Turibio Fernández era tamén notario apostólico e a el encárgaselle en 1561 que realice un traslado dunha bula, xa que nin o alcalde de Santiago, Pedro da Fraga, nin o notario do número Macías Vázquez dominaban o latín⁵³.

Entre os niveis inferiores de dominio da pluma podemos contemplar unha socioloxía semellante á de 1530, con membros sobre todo dos estratos baixos da xerarquía capitular. Algún capelán, mozo de coro ou dobreiros, mais desta vez cunha representación numérica bastante inferior á da década de 1530. A explicación destes graos de destreza pode ser similar á exposta no caso do primeiro *libro de distribucións*; porén, a análise do libro de 1560 permítenos tirar unhas conclusións máis amplas. A través da comparación cos asinantes en 1530, podemos comprobar agora como algún deles seguen aínda en activo en 1560, polo que a perspectiva diacrónica dos modelos gráficos enriquecese e adquire uns matices de gran calado. Se en termos xerais, e a raíz das fontes aquí estudadas, podemos falar dun aumento das escrituras de base humanística na segunda metade do século XVI, observamos que neste intre a gótica perdura, en ocasións, en mans que aparecían firmando en 1530. A idade, como vemos, é polo tanto un factor de *conservadurismo gráfico*, xa que as formas góticas —ou ben algunha reminiscencia das mesmas— tenden a manifestarse nas escrituras dos capitulares máis avellentados.

Finalmente, a idade dos escribentes é un condicionante que inflúe sobre outro dos elementos do noso estudo, non só sobre o modelo gráfico, senón tamén sobre a pericia técnica. Tanto o cóengo Eliseo de las Alas e o capelán Bernardino Bonete aparecen no *libro de distribucións* de 1530 asinando nunhas escrituras híbridas, no primeiro con gran peso dos novos elementos da humanística e no segundo con subsistencia das formas góticas. Agora ben, en 1560, a firma de Eliseo de las Alas demostra unha perda de destreza respecto á de 30 anos atrás: aínda que a morfoloxía se mantén idéntica, o número de ligaduras entre letras descende, a letra xa non é filiforme e

⁵¹ Vid. *Ibidem*, p. 179.

⁵² Na reunión capitular celebrada o 16 de agosto de 1560, indícase o seguinte: «En este cabildo los dichos señores nonbraron por scribanos y personas que scriban los autos capitulares a los señores Haníbal Rodríguez y racionero Rego». ACS, Actas capitulares, Libro 16, f. 77v. Ademais, este mesmo ano, Francisco del Rego firma tamén como secretario do cabildo. *Ibidem*, f. 83v.

⁵³ Archivo Histórico Diocesano de Santiago, Fondo Xeral, 6, Bulas Pontificias, f. 44v.

incluso se abandona a complexa rúbrica que iniciaba a composición. No caso de Bernardino Bonete, a evolución é moi semellante, mais desta volta o empobrecemento do dominio da pluma e maior: o trazado é moi oscilante, algunhas letras reducen o seu número de trazos e desfigúranse e a sinatura, en xeral, é menos lexible.

CONCLUSIÓNS

O control administrativo e económico da catedral era un dos piares do bo funcionamento da institución. A medida que avanzaron os séculos e medraron os elementos do patrimonio capitular, tanto dende o punto de vista das súas posesións, rendas... como do compoñente humano, o sistema de xestión fíxose máis complexo e requiría, polo tanto, dun instrumento que permitise afrontar esta tarefa, a escritura.

Queda fóra de toda dúbida a profunda experiencia que o cabido compostelán tiña neste ámbito. Tombos, libros de carácter administrativo, documentos soltos, etc. son a proba máis evidente de que o emprego da escritura na catedral de Santiago a finais da Idade Media alcanzara un gran grao de desenvolvemento, sobre todo entre as mans de notarios, escribáns e amanuenses que, no caso capitular, traballaban ao servizo da comunidade escriturando tanto documentación con fe pública como de uso interno. Porén, como consecuencia directa da difusión do uso social da escritura experimentada dende as últimas décadas da Baixa Idade Media, no século XVI aumentan nas fontes os testemuños escritos dos membros de grupos sociais para os que a escritura non era a súa actividade profesional. Deste xeito, multiplícanse as posibilidades de estudo da paleografía, podendo abranguer agora con máis certeza a análise das denominadas *escrituras usuais*.

No caso dos *libros de distribucións* do cabido compostelán, estes dan boa fe da utilización da escritura por parte deses sectores non profesionais da mesma, caracterizados, sobre todo, polo panorama de *multigrafismo relativo* propio da Coroa de Castela no século XVI. Neste senso, a súa escritura non só se artella como unha ferramenta de comunicación e memorización, senón que serve tamén como mecanismo de validación, de atestación dun feito xurídico. Os asinantes nestes libros declaran ter cobrado ou pagado unha contía económica concreta, para o cal firman da súa propia man ou ben, nos casos nos que se indica o motivo, a través dun terceiro debido ao falecemento do outorgante do acto xurídico consignado.

Estes testemuños escritos permitíronnos observar cales foron os modelos empregados polos grupos sociais de Santiago, principalmente dos membros do cabido catedralicio e algún outro individuo como médicos, organistas,

porteiros, etc. Este é un matiz importante, xa que, como vimos, o status social e económico dunha persoa determina, por exemplo, a educación recibida (e dentro desta, a formación gráfica) e consecuentemente o tipo de escritura empregada ou o nivel de dominio da pluma. Desta maneira, son os estratos máis elevados da xerarquía capitular os que puideron acudir á universidade, que gozan dun título como licenciado, doutor ou bacharel e que, polo tanto, mostran unha destreza gráfica superior. Igualmente, factores como a proximidade ao arcebispo puideron influír na adquisición da humanística (sexa de maneira pura ou a través de hibridacións gráficas), grazas ás viaxes realizadas a Roma xunto co prelado.

Non obstante, non podemos entender a difusión dos modelos gráficos ao longo da organización capitular como un fenómeno rixido respecto dos distintos escribentes que a conforman. É por isto que a humanística, símbolo de innovación gráfica, de apertura á nova cultura e mentalidade promovidas polos humanistas, foi practicada, non só polas altas dignidades, senón tamén por cóengos, capeláns, racioneiros..., sobre todo en 1560, momento no que os exemplos de humanística superan en número aos góticos. Unha distribución que tamén garda relación coa idade do capitular, posto que, fronte aos individuos que se presumen máis novos como os mozos de coro, a escritura dalgún cóengo e capelán que asinan en ambos libros amosa un apego á tradición gótica medieval, ademais dun empeoramento do dominio da pluma debido ao paso dos anos.

En conclusión, as escrituras usuais dos *libros de distribucións* do cabido compostelán son fiel reflexo da diversidade gráfica do Santiago da época. Agora ben, estudos paleográficos da escritura doutros grupos sociais da cidade poderían botar luz sobre a difusión da alfabetización ao longo da comunidade, tanto dende a perspectiva cuantitativa como cualitativa. Traballo que nos permitirían, ademais, comparar os ritmos de evolución, características e protagonistas doutros ámbitos escriturarios co aquí analizado.

BIBLIOGRAFÍA

Alfabetismo e cultura escrita nella storia della società italiana. Atti del seminario tenuto a Perugia il 29-30 marzo 1977, Perugia, Università degli Studi di Perugia, 1978.

Alonso Pequeno, Mercedes, Vázquez Bertomeu, Mercedes, «Lingua e escritura na Compostela do século XVI», *Cuadernos de estudios gallegos*, 48, 2001, pp. 115-129.

BARTOLI LANGELI, Attilio, «Historia del alfabetismo y método cuantitativo», *Signo*, 3, 1996, pp. 87-106.

BARTOLI LANGELI, Attilio, «Ancora su paleografia e storia della scrittura: a proposito di un convegno perugino», *Scrittura e civiltà*, 2, 1978, pp. 275-294.

- CAMINO MARTÍNEZ, Carmen del, «Aprendizaje y modelos gráficos: entre el ámbito profesional y el privado», en ROBINSON, Pamela R. (ed.), *Teaching writing, learning to write: Proceedings of the XVIIth Colloquium of the Comité International de Paléographie Latine*, Londres, King's College London, 2010, pp. 205-222.
- Camino Martínez, Carmen del, «El notariado apostólico en la Corona de Castilla: entre el regionalismo y la internacionalización gráfica», en Kresten, Otto, Lackner, Franz (eds.), *Régionalisme et Internationalisme: problèmes de paléographie et de codicologie au Moyen Âge*, Viena, Österreichische Akademie der Wissenschaften, 2008, pp. 317-330.
- CAMINO MARTÍNEZ, Carmen del, «Escribanos al servicio del gobierno y la administración de la catedral de Sevilla (siglo XV)», en *Le statut du scripteur au Moyen Age*, París, École nationale des chartes, 2000, pp. 175-192.
- CAMINO MARTÍNEZ, Carmen del, «Alfabetismo y cultura escrita en las fuentes notariales», en OSTOS SALCEDO, Pilar, PARDO RODRÍGUEZ, María Luisa, *En torno a la documentación notarial y a la historia*, Sevilla, Ilustre Colegio Notarial de Sevilla, 1998, pp. 97-110.
- CAMINO MARTÍNEZ, Carmen del, «Status socio-profesional y escritura en Ceuta (1580-1640)», *Estudis Castellonencs*, 6, 1994-1995, pp. 443-450.
- CAMINO MARTÍNEZ, Carmen del, CONGOSTO MARTÍN, Yolanda, «Lengua y escritura en la Sevilla de fines del XV: confluencia de normas y modelos», *Historia. Instituciones. Documentos*, 28, 2001, pp. 11-30.
- CASAMASSIMA, Emanuele, *Tradizione corsiva e tradizione libraria nella scrittura latina del Medioevo*, Roma, Gela, 1988, p. 12.
- CASTILLO GÓMEZ, Antonio, SÁEZ SÁNCHEZ, Carlos, «Paleografía versus alfabetización. Reflexiones sobre historia social de la cultura escrita», *Signo*, 1, 1994, pp. 133-168.
- CENCETTI, Giorgio, *Lineamenti di storia della scrittura latina*, Bolonia, Pàtron, 1997.
- FRENZ, Thomas, *L'introduzione della scrittura umanistica nei documenti e negli atti della curia pontificia del secolo XV*, Città del Vaticano, Scuola Vaticana di Paleografía, Diplomatica e Archivistica, 2005.
- GARCÍA DÍAZ, Isabel, *La escritura en Cartagena en el siglo XV*, Cartagena, Ayuntamiento de Cartagena, 1991.
- GARCÍA MARTÍNEZ, Antonio María Claret, «Escritura y lectura en los enfermeros españoles (ss. XV-XVIII): un proyecto de investigación», *Híades: Revista de historia de la enfermería*, 9, 2004, pp. 645-653.
- GARCÍA MARTÍNEZ, Antonio María Claret, «Cultura escrita y grupos profesionales: la escritura y la lectura entre los enfermeros españoles de los siglos XVI y XVII», *Historia. Instituciones. Documentos*, 31, 2004, pp. 249-268.
- GASPARRI, Françoise, «Les écritures usuelles et leur signification historique: l'exemple de la chancellerie royale française au XII^e siècle²», en *Actas del VIII Coloquio del Comité Internacional de Paleografía Latina*, Madrid, Joyas Bibliográficas, 1990, pp. 71-75.
- GELABERT GONZÁLEZ, Juan Eloy, «Niveaux d'alphabétisation en Galice (1635-1900)», en *De l'alphabétisation aux circuits du livre en Espagne. XVIe-XIXe siècles*, París, Éditions du CNRS, 1987, pp. 45-71.
- GELABERT GONZÁLEZ, Juan Eloy, «Lectura y escritura en una ciudad del siglo XVI: Santiago de Compostela», *En la España medieval*, 6, 1985, pp. 161-182.

- GELABERT GONZÁLEZ, Juan Eloy, «Lectura y escritura en una ciudad provinciana del siglo XVI: Santiago de Compostela», *Bulletin Hispanique*, 84, 1982, pp. 264-290.
- GIMENO BLAY, Francisco M., *Las llamadas ciencias auxiliares de la historia: ¿errónea interpretación?* Zaragoza, Institución «Fernando El Catolico», 1986.
- GONZÁLEZ VÁZQUEZ, Marta, «Los viajes de los arzobispos compostelanos (siglos XII-XV)», en HERNANDO, José Luis, HUERTA HUERTA, Pedro Luis (coords.), *Viajes y viajeros en la España medieval*, Palencia, Centro de Estudios del Románico, 1997, pp. 345-358.
- IGLESIAS ORTEGA, Arturo, «El curriculum vitae de los capitulares en el siglo XVI: el ejemplo del cabildo catedral de Santiago», *Historia y Genealogía*, 2, 2012, pp. 145-174.
- IGLESIAS ORTEGA, Arturo, «Un cabildo catedral castellanizado: la procedencia geográfica de los capitulares compostelanos al comienzo del período moderno», *Investigaciones Históricas*, 32, 2012, pp. 13-42.
- IGLESIAS ORTEGA, Arturo, «Sociología capitular: el ejemplo del cabildo de la catedral de Santiago de Compostela en el siglo XVI», *Obradoiro de Historia Moderna*, 20, 2011, pp. 387-407.
- MANDINGORRA LLAVATA, María Luz, «Alfabetismo y educación gráfica en la Valencia del Quinientos. El libro de albaranes del convento del Carmen (1517-1538)», *Estudis Castellonencs*, 6, 1994-1995, pp. 785-798.
- MANDINGORRA LLAVATA, María Luz, «Aproximación a la cultura gráfica de los boticarios a finales de la Edad Media», *Saitibi*, 36, 1986, pp. 57-70.
- MARICHAL, Robert, «La escritura latina y la civilización occidental del siglo I al siglo XVI», en COHEN, Marcel, FARE GARNOT, Jean Sainte, *La escritura y la psicología de los pueblos*, México, Siglo Veintiuno, 1971, pp. 205-254.
- PÉREZ RODRÍGUEZ, Francisco Javier, «Viajes y desplazamientos de los canónigos de Santiago en la Edad Media (siglos XII-XIV)», en HERNANDO, José Luis, HUERTA HUERTA, Pedro Luis (coords.), *Viajes y viajeros en la España medieval*, Palencia, Centro de Estudios del Románico, 1997, pp. 331-344.
- PÉREZ RODRÍGUEZ, Francisco Javier, *La Iglesia de Santiago de Compostela en la Edad Media: el cabildo catedralicio (1110-1400)*, Santiago de Compostela, Xunta de Galicia, 1996.
- PETRUCCI, Armando, «Digrafismo e bilettrismo nella storia del libro», *Syntagma*, 1, 2005, pp. 53-75.
- PETRUCCI, Armando, «Escrituras marginales y escribientes subalternos», *Signo. Revista de Historia de la Cultura Escrita*, 7, 2000, pp. 67-75.
- PETRUCCI, Armando, «Prospettive di ricerca e problemi di metodo per una storia qualitativa dell'alfabetismo», en PELIZZARI, Maria Rosaria (coord.), *Sulle vie della scrittura: alfabetizzazione, cultura scritta istituzioni in età moderna*, Nápoles, Edizioni Scientifiche Italiane, 1989, pp. 21-37.
- PETRUCCI, Armando «Funzione della scrittura e terminologia paleografica», en *Palaeographica, Diplomatica et Archivistica: studi in onore di Giulio Batteli*, Roma, Scuola Speciale per Archivisti e Bibliotecari dell'Università di Roma, 1979, pp. 3-30.
- PETRUCCI, Armando, «Scrittura, alfabetismo ed educazione grafica nella Roma del primo Cinquecento: da un libretto di conti di Maddalena Pizzicarola in Trastevere», *Scrittura e civiltà*, 2, 1978, pp. 163-207.

- REY CASTELAO, Ofelia, «A cultura escrita en Galicia. Séculos XVI-XVIII», en SÁNCHEZ FERRO, Pablo (dir.), *Entre liñas: unha ollada á historia da cultura escrita en Galicia. Da Idade Antiga ao século XVIII*, Ourense, Universidade de Vigo, pp. 79-121.
- REY CASTELAO, Ofelia, *Libros y lectura en Galicia. Siglos XVI-XIX*. Santiago de Compostela, Xunta de Galicia, 2003.
- REY CASTELAO, Ofelia, «A cultura e as súas expresións nunha cidade clerical e universitaria», en PORTELA SILVA, Ermelindo (coord.), *Historia da cidade de Santiago de Compostela*, Santiago de Compostela, Concello de Santiago, Consorcio de Santiago, Universidade de Santiago de Compostela, 2003, pp. 361-419.
- REY CASTELAO, Ofelia, «Niveles de alfabetización en la Galicia de fines del Antiguo Régimen», *Bulletin Hispanique*, 1998, 100, pp. 271-311.
- REY CASTELAO, Ofelia, «El clero urbano compostelano a fines del siglo XVII: mentalidades y hábitos culturales», en EIRAS ROEL, Antonio et al. (eds.), *La historia social de Galicia en sus fuentes de protocolos*, Santiago de Compostela, Universidade de Santiago de Compostela, 1981, pp. 485-519.
- RUIZ ALBI, Irene, «La escritura humanística documental durante el siglo XVI. El panorama castellano a través de la documentación de Cámara de Castilla (Archivo de Simancas)», en CASADO QUINTANILLA, Blas, LÓPEZ VILLALBA, José Miguel (coords.), *Paleografía III: la escritura gótica (desde la imprenta hasta nuestros días) y la escritura humanística*, Madrid, Universidad Nacional de Educación a Distancia, 2011, pp. 47-72.
- SANZ GONZÁLEZ, Margarita, «Alfabetización y escolarización en Galicia a fines del Antiguo Régimen», *Obradoiro de historia moderna*, 1, 1991, pp. 229-249.
- SIRAT, Colette, VINH, Tho-son, «Écritures contrôlées et écritures personnelles: un modèle d'activité graphématique basé sur l'expérience paléographique», en SIRAT, Colette, IRIGOIN, Jean, POULLE, Emmanuel (eds.), *L'écriture: le cerveau, l'oeil et la main*, Brepols, Turnhout, 1990, pp. 155-193.
- SMITH, Marc H, «Autour des lettres des La Trémoille: quelques aspects de la culture écrite de la Renaissance», en CONTAMINE, Philippe, VISSIÈRE, Laurent. *Défendre ses droits, construire sa mémoire: les chartriers seigneuriaux, XIIIe-XXIe siècle*, París, Société de l'histoire de France, 2010, pp. 223-246.
- VÁZQUEZ BERTOMEU, Mercedes (2004). Escritura y sociedad en la Galicia moderna: reflexiones a propósito del archivo de la casa de Mirapeixe. *Estudios Mindonienses*, 20, pp. 893-915.
- VÁZQUEZ BERTOMEU, Mercedes, «El escritorio capitular compostelano (1460-1481)», *Historia. Instituciones. Documentos*, 24, 1997, pp. 497-532.
- VÁZQUEZ BERTOMEU, Mercedes, «La función documental de la Iglesia Compostelana en tiempos de los Fonseca», en GARCÍA QUINTELA, Marco V. (ed.), *Las religiones en la historia de Galicia*, Santiago de Compostela, Universidade de Santiago de Compostela, 1996, pp. 355-378.